BOLETÍN FINAL CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO E ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ. CENLLE, 4/5/2019

1. NOTAS DO CARTÓGRAFO

A zona de carreira atopase acotada entre o Rio Miño, a vía do tren e a estrada xeral. A vía do tren únicamente se poderá atravesar polos pasos soterrados (obrigatorios). Existen moitas áreas de vexetación espesa ou moi espesa, así como de vexetación rastreira que convirá evitar, habendo sempre opcións de paso por lugares despexados ou camiños. Desnivel caseque nulo entre a vía ferrea e o río, e entre suave e moderado na parte norte do mapa. O elemento que aparece como valado en ruinas (523) utilizouse para reflectir estes monólitos que aparecen no terreo.



2. NOTAS DE TRAZADOR

Tentouse que nalguns tramos haxa elección de ruta. En liñas xerais, a proba pode considerarse de distancia "media" moi rápida e fácil a nivel técnico, pero con coidado de despistarse ao ir demasiado veloz para ler ben o mapa, xa que haberá moitos cambios de dirección en carreira, ademáis dunha zona máis técnica ao norte da vía ferrea. O tempo gañador estará apróximadamente nos 35 minutos nas categorías maiores.

As categorías infantís serán rápidas para aqueles que poidan correr sen perder de vista o mapa, e nas de cadetes terán un pouco mais de esixencia física e de dificultade, debendo apoiarse sempre en puntos de ataque claros.

Debido ao crecemento da vexetación que observamos nos últimos días, algunhas zonas poden ter un grao máis de verde do que reflicte o mapa, co cal aconsellase o uso de pantalón longo, polainas ou calcetas.

Está prohibido cruzar as vías do tren por enriba. Nos pasos subterráneos habilitados para o seu cruzamento, haberá controis para fichar.

Desde todo o equipo que conformamos a xente de Limiactiva e Trevinca, confiamos en que o desfrutedes a tope.

3. XUÍZ CONTROLADOR

En Cenlle haberá xuices auxiliares. Lembrade aos participantes a importancia do Xogo Limpo. Non se

poden consultar mapas da zona en ningún formato (tampouco dixital), tanto no Centro de Competición (Campo de Fútbol) como nos arredores, denantes da saída do derradeiro corredor. Prohíbese o acceso á zona de competición a todos os inscritos, antes da carreira. A proba ten que facerse en silencio. Lembrar que é unha proba individual (non en grupo ou en parellas). Esta terminantemente prohibido levar móbil durante a competición.

O non cumprimento das normas será motivo de descalificación.

4. REGULAMENTO

A proba será de tipo individual contrarreloxo e desenvolverase na modalidade de orientación en liña. O participante terá que pasar obrigatoriamente por todos os controis seguindo a orde numérica consecutiva marcada.

• Só se pode usar unha búxula analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Esta prohibido usar calquera outro aparello electrónico con pantalla para visualizar mapas, así como con funcións de xeolocalización de axuda á navegación.

• Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.

• É obrigatorio pasar pola meta aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.

• Non esta permitido seguir a outros participantes.

• Non esta permitido falar con outros participantes.

• Hai que respectar ás normas de circulación vial.

• Na meta recolleraselle o mapa a cada participante, ata que todos os participantes tomen á saída.

Por extensión, as normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a XXVIII Liga Galega de orientación a Pé do 2019.

5. SISTEMA DE CONTROL

Por medio de Pinza Electrónica Sportident. En caso de fallo do sistema Sportident o participante deberá marcar con pinza tradicional nas casiñas impresas (R1, R2, R3) no propio mapa, para así certificar o paso polo control correspondente.

O club organizador asignará gratuitamente unha pinza electrónica a todo orientador que non a teña.

POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident:

• **Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída**

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por erro en tarxeta.

• **Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) SportIdent ao rematar.**

Todo corredor debe picar o punto Meta-Finish (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estexa previsto pola organización. Aceptárase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata a hora de peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados fóra de control.

• **Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta será automaticamente descalificado.** É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que se indica co pitido e a luz da estación ao introducirlle correctamente a pinza sportident. Esta descalificación inclúe todas as posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nen son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

• **Corredor que entra en meta e non pica**

Todo corredor que entre en meta e non pique o punto Meta, pode volver a picalo. En troques, se deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode voltar ao terreo.

RECORDATORIO:

• Limpar (Clear) e comprobar (Check) a tarxeta ou pinza na saída.

• Coidado con descalificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.

• Comprobar que o código da estación que "picamos" pertence ao noso percorrido, por que pode haber balizas próximas.

• Seguir a orde numérica dos controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descalifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc...

• É obrigatorio picar na estación de Meta-Finish, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén "perdido" no monte.

6. CLASIFICACIÓN UNIVERSITARIO INDIVIDUAL

Faranse dous clasificacións, unha por cada unha das categorías. Levarán premio os tres primeiros clasificados de cada categoría.

7. CLASIFICACIÓN POR UNIVERSIDADES

Establecerase unha clasificación por universidades que resultará de considerar os resultados dos/das 6 mellores clasificados/as de cada universidade: tres da categoría feminina e tres da masculina.
Para o cálculo das puntuacións terase en conta a seguinte regra:
1º clasificado/a: 100 puntos
Puntos corredor "n" = (tempo gañador/tempo corredor "n") x 100
Entregaranse trofeos de clasificación por universidades.

8. CLASIFICACIÓN ESCOLAR INDIVIDUAL

Faranse catro clasificacións, unha por cada unha das categorías. Levaran premio os tres primeiros clasificados de cada categoría.

9. CLASIFICACIÓN POR CENTROS ESCOLARES

Farase unha clasificación por centros escolares que se obterá a partir de 8 puntuacións: 2 infantís femininas, 2 infantís masculinas, 2 cadetes femininas e 2 cadetes masculinas). Daráselle un punto ao primeiro clasificado, dous ao segundo, tres ao terceiro, e así sucesivamente. Gaña o centro que menos puntos obteña na suma de ditas 8 puntuacións.

10. ALGUNHAS NORMAS E RECOMENDACIÓNS

• Usar roupa clara que cubra todo o corpo.É recomendable usar repelente contra insectos (pulgas, carrachas, etc)
• Os orientadores teñen que ser respectuosos co medio natural, polo que non deben tirar lixo ao chan en toda a zona de competición.
• Levar unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.

11. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE (LECTURA OBRIGATORIA)

• A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algún ciclista ou paseante.
• Os campos de cultivo rodearanse polos bordes. En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.
• Hai que transitar coa precaución debida, especialmente nas baixadas e co chan mollado. Pode haber cantos rodados nalguns camiños e follas caídas tapandoos.
• Os puntos de control estarán situados en lugares que non supoñen ningún risco para os competidores. Na zona pola que transcurren os percorridos non existe ningún perigo especial destacable, diferente do que conleva o desprazamento a través do monte: terreo irregular, vexetación rastreira, ramas no chan,...
Haberá unha ambulancia na meta para atender a todos os corredores que o precisen.
Recordáselles aos participantes a obrigatoriedade de ofrecer axuda a todo participante que o precise por atoparse mancado.

12. SECRETARÍA E DUCHAS

A secretaría encontrarase no campo de fútbol, onde se entregarán os dorsais e as pinzas SportIdent. Haberá 12 minutos a paso tranquilo ata a Presaída (-8 minutos). Prever saír do campo de fútbol 20 minutos antés da nosa hora oficial de saída.
Coidado cos vehículos a motor no traxecto entre o Centro de Competición (secretaría) e a Presaída.
Haberá duchas no campo de fútbol, no que se fará a entrega de premios.

13. FOTOS